



Resolución de 15 de novembro de 2004, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña pola que se resolve o expediente nº 375 que afecta ó monte *De Urroa*, do lugar de Urroa, parroquia de Vimianzo, concello de Vimianzo:

"Reunido o 15 de novembro de 2004 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a presidencia da delegada provincial na Coruña da Consellería de Medio Ambiente, D^a Ana M^a Díaz López, coa asistencia dos vocais, Don Ramón Martín López-Suevos, xefe do Servicio de Montes e I.F., Don Alfonso Vázquez Castro-Garma, letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta de Galicia, Don Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, Don José Manuel Caramés Franco, representante das comunidades veciñais de Montes en Man Común, e da secretaria Dona Ana María Casas González, xefa do Servicio Xurídico da Delegación de Medio Ambiente na Coruña, para estudar e resolve-lo

Expediente: 375
Monte: *De Urroa*
Comunidade: Urroa
Parroquia: Vimianzo
Concello: Vimianzo

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Os veciños do lugar de Urroa, parroquia de Vimianzo, concello de Vimianzo, solicitaron deste Xurado, con data 21.08.2001, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 18,07 Ha.

Lindeiros

Parcela A).- Monte de Urroa.Situada xunto ao lugar de Urroa.

Parcela 1(A1).-Superficie 12,53 ha

Norte: CómARO que o separa do predio de Pedra Ventosa e predios particulares de Pedra Ventosa. Leste: Camiño a Urroa que o separa do predio particular de Prado da Vela. CómARO que o separa de predios particulares. Sur: Propiedades particulares.Oeste: CómARO que o separa de propiedades particulares e camiño.

Parcela 2(A2).- Superficie 4,88 ha



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial - A Coruña

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edif. Administrativo Servicios Múltiples
Praza Luis Seoane
15008 A CORUÑA



XACOBEO 2004
Galicia



Norte: predios particulares. Leste: cómaro que o separa de predios particulares. Sur: camiño a Casais e cómaro que o separa de propiedades particulares. Oeste: camiño e cómaro que o separa de propiedades particulares.

Parcela B) Punceira: Superficie: 0,66 ha. Situada ao Oeste da parcela anterior.
Norte, Leste, Sur e Oeste: predios particulares de veciños de Urroa.

2º. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión do 29.05.2002, acordou inicia-lo oportuno expediente, nomeándose como Instructor del a Don Juan Ramón Benyto Bellas, quen aceptou expresamente o dito cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Corcubión, oídas tódalas persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ó alcalde-presidente do concello de Vimianxo, ó xefe do Servicio de Montes e I.F.e publicándose edictos no D.O.G. (16.12.2002), taboleiro de anuncios do concello e lugares de costume.

3º. Os veciños de Urroa fundamentan a súa petición ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común en que desde sempre viñeron poseendo e aproveitando en man común o monte *De Urroa*. Achegan, entoutros, actas notariais nas que os veciños manifestan que o dito monte sempre pertenceu, en réxime de comunidade veciñal, ás casas con lume e fume de dito lugar.

4º. Con data 17.01.2003 Don Salvador Vázquez Gándara presentou un escrito solicitando a rectificación do plano. Sen embargo, na vista previa á toma de acordos por este Xurado e unha vez modificado o dito plano, o Sr. Vázquez Gándara manifestou a súa conformidade con este.

5º. Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (D.O.G. núm 202, de 20 outubro) e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, (D.O.G. núm 186, de 23 de setembro) ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de procedemento administrativo e demais disposicións aplicables ó caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º. De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, os veciños do lugar de Urroa son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial - A Coruña

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edif. Administrativo Servicios Múltiples
Praza Luis Seoane
15008 A CORUÑA



XACOBEO 2004
Galicia



non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento do 4 de setembro de 1992).

4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do expresado no punto anterior, dedúcese que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á Comunidade Veciñal do lugar de Urroa, no que se cumpren os aludidos requisitos.

Polo anterior, este Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, por proposta do Instructor,

ACORDA calificar como veciñal en man común o monte *De Urroa*, de pertenza do lugar de Urroa, parroquia de Vimianzo, concello de Vimianzo, cos lindeiros, superficie e características que resultan do primeiro antecedente de feito. Asimesmo, acordase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndoo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación desta Consellería de Medio Ambiente na Coruña.

Notifíquese aos interesados”.

A Coruña, 15 de novembro de 2004

V. e Pr.


A PRESIDENTA DO XURADO,

Asdo.- Ana Mª Díaz López



A SECRETARIA DO XURADO,

Asdo.- Ana Mª Casas González




43207'54

4.774000

MONTE VECINAL EN MANO COMÚN DEL LUGAR DE URROA (VIMIANZO - A CORUÑA)

E = 1 : 2.000

Superficie (1):.....	12,5277 has.
Superficie (2):.....	4,8820 has.
Superficie (3):.....	0,6600 has.
TOTAL:.....	18,0697 has.



LINDEROS:	
PARCELA ①	
NORTE: Elisa Ameijeiras Rguez. Manuel Amigo González Manuel Cundíns Gómez Pergantino Mouzo Sar José Andrés Oreiro Toja Camino	SUR: Salvador Vázquez Gándara Carmen Carballo Rama Camino
ESTE: Josefina Carmen Rodríguez Lema María Mouzo Sar Lucía Carballo Rodríguez Pergantino Mouzo Sar Daniel Gándara Mouzo Daniel Victoriano Gándara Bermúdez Fermín Cundíns Gómez Isabel Rodríguez Blanco Jesús González Soto Manuel González Soto José Andrés Oreiro Toja Camino Josefina Carballo Rama Carmen Carballo Rama	OESTE: Daniel Gándara Mouzo Manuel Ameijeiras Rguez. José Aguiar Cundíns Elisa Ameijeiras Rguez. Francisco Bermúdez Pereira Manuel Antelo Lema Carmen Alvarellos Gándara Dolores González Gándara Manuel Cundíns Gómez Manuel Amigo González Pergantino Mouzo Sar Andrés Alborés Gándara Segundo Marcelino Antelo Lema Manuel Antelo Lema José Alvarellos Gándara Elisa Ameijeiras Rguez. Josefina Carballo Rama Carmen Carballo Rama Camino
PARCELA ②	
NORTE: Elisa Ameijeiras Rguez. Francisco Bermúdez Pereira Jesús Santos Lavandeira Francisco Carballo Pérez Adoración de los Milagros Gándara Mouzo María Concepción Rama Pérez	SUR: José Antelo Lema Josefina Carmen Rodríguez Lema María Concepción Rama Pérez Carmen Pilar Rodríguez González Carmen Bello Francisco Bermúdez Pereira Camino
ESTE: Elisa Ameijeiras Rguez. José Antelo Lema Francisco Bermúdez Pereira Jesús Mouzo Sar Adoración Gándara Mouzo Salvador Vázquez Gándara Jesús Santos Lavandeira Francisco Carballo Pérez Concepción Rama Pérez Irene Moreira Ordóñez Josefina Carmen Rodríguez Lema Placeres Ferreiro Carril Josefina Carmen Rodríguez Lema	OESTE: Elisa Ameijeiras Rguez. Carmen Pilar Rodríguez González Braulio Castiñeira Moreira Carmen Alvarellos Gándara María Concepción Rama Pérez Adoración de los Milagros Gándara Mouzo Jesús Santos Lavandeira Camino
PARCELA ③	
NORTE: Balbina Ameijeiras Castiñeira Camino	SUR: Carmen Pilar Rodríguez González Hermanos Maceiras Trigo
ESTE: Generosa Bello Rodríguez José Alvarellos Gándara M ^a Carmen González Antelo Manuel Cundíns Gómez José Aguiar Cundíns Hermelinda Bello Rguez. Camino	OESTE: Balbina Ameijeiras Castiñeira José Carballo Rama José Castiñeira Moreira Hermanos Maceiras Trigo

63